

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 28 DE DECEMBRO DO 2020

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e oito de decembro do dous mil vinte e un, reúnen-se os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e cinco minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Pilar Espinosa Novelle, Dna. Marina M^a Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, Dna. Margarita López Rodríguez e D. Miguel Tomé López.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández, D. Roberto Eireos Saez e D. Victor Manuel Rodríguez López.

Grupo Mixto:

Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias

Esperta Monforte: D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

Interventor: D. Manuel Vázquez Fernández.

Secretario: D. José Antonio Mourelle Cillero, que dá fe do acto.

O Sr. Alcalde desculpa a ausencia de dúas persoas do concelleiro D. Manuel Rodríguez e do concelleiro D. Guillermo Díaz Aira.


1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN DE 30 DE NOVIEMBRE DO 2020.

Intervén D. Jaime Germán sinalando na páxina 5, onde figura que no 2020 61 euros máis en dous anos, dicindo a presión fiscal a finais de 2021 sería de 428, 61 euros máis en seis anos.

Coa observación indicada, sométese a votación do Pleno a acta do pleno de 30 de novembro do 2020, aprobándose por unanimidade.

2º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se da conta: do 25.11.2020 AO 21.12.2020.

Pleno ordinario 28.12.2020



O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, da conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 25 de novembro ata o 21 de decembro do 2020.

PARTE RESOLUTIVA

3º.- RESOLUCIÓN RECLAMACIÓN RESPECTO DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS 2021 E APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE.

O ditame é favorable á proposta da Alcaldía, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e dos concelleiros/as do Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“O Pleno da Corporación en sesión celebrada o 26.10.2020 aprobou provisionalmente o expediente de modificación de ordenanzas fiscais para o exercicio 2021. Durante o prazo de exposición pública do expediente, presentouse unha reclamación.

Na devandita reclamación presentada por DOMINGUEZ FERNANDEZ JESÚN MIGUEL (34259426Y), tras constatar o alegante que o artigo 5 da Ordenanza Fiscal Reguladora do imposto sobre bens inmobles, relativo a bonificación ás familias numerosas mantén na súa proposta de redacción, idénticas condicións para solicitar a bonificación e tras remitir ao artigo 2 da Lei 40/2003, do 11 de novembro de protección de familias numerosas, no que se cita os requisitos para obter a condición de familia numerosa, pero no que non se cita en ningún parágrafo as causas polas que poden ser excluídos das bonificacións, solicita que sexa revisada de novo a proposta de redacción e que as bonificacións sexan de aplicación na vivenda habitual, eliminando o condicionante de non ser titular doutra vivenda para solicitar a bonificación.

Vista a alegación presentadas e visto o Informe emitido polo Interventor municipal.

*Visto o artigo 17 do RDL 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais **PROPONSE:***

PRIMEIRO.- DESESTIMAR a reclamación formulada.

SEGUNDO.- APROBAR DEFINITIVAMENTE o expediente de modificación de ordenanzas fiscais para o exercicio 2021, quedando os preceptos modificados e actualizados coa mesma redacción que a aprobada inicialmente por acordo Plenario do día 26.10.2020.



TERCEIRO.- *Proceder á publicación íntegra do texto de modificación de ordenanzas fiscais para o exercicio 2021, mediante anuncio que inserirá no Boletín Oficial da Provincia."*

Sometido o asunto a votación rexéitase por maioría a alegación formulada con dez votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista e cinco abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular e dos concelleiros/as do Grupo Mixto.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que a súa intervención é para poder ter voz na segunda quenda e van agardar se hai algunha intervención do equipo de goberno ao respecto para valorala.

Intervén D^a Gloria Prada dando lectura á alegación presentada por D. Jesús Miguel Domínguez. Continúa dicindo que os Concellos poden indicar unhas bonificacións determinadas ata o 90%, figurando na ordenanza regula no artigo 5 no apartado 4 regula esa bonificación en función da súa renda per cápita, se concede unha bonificación é para a xente por ser familia numerosa, o que non se pode subvencionar nin bonificar as segundas residencias, por ese motivo desestímase esa alegación.

Intervén D. Emilio José dicindo que agradece a aclaración, agradecendo que se empezara así nun futuro.

Sometido a votación a proposta de desestimación da alegación presentada, apróbese a desestimación por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Socialista, e cinco abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal popular e dos concelleiros/as do Grupo Mixto.

4º.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA A SANIDADE.

O ditame é favorable á proposta da Alcaldía, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e dos concelleiros/as do Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

"O Pleno do Concello de Monforte de Lemos insta o Goberno da Xunta de Galicia a:

- 1.Iniciar a recuperación da atención primaria presencial para poder ofrecer a mellor calidade asistencial posible.*
- 2.Abrir un proceso de recuperación dos profesionais perdidos nos últimos anos, con especial atención á atención primaria garantindo a cobertura e substitucións dos profesionais dos centros de saúde para non afastar a asistencia da cidadanía".*



De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Pilar Espinosa desexando a todos e todas os cidadáns que a vacina dea esperanza e saúde para este ano. Da lectura a moción presentada.

Di que dende fai unhas semanas se realizan os test de antíxenos e vaise realizar a vacinación para o resto da poboación todo el o sen contratar ningún persoal a maiores, o que leva unha sobrecarga dos compañeiros enfermeiros, en detrimento dos pacientes crónicos. Sen ter en conta a nova ola se é que chega, esperando que non, pero a situación que se vai ter nos centros de saúde pode ser moi mala. A situación actual de falla de profesionais e froito de política de recortes, con perdas importantes de postos de traballo, non hai personal médico e de enfermería nas listas. Hai que dar aos sanitarios un trato digno entón eles non fuxiran a outros países ou a outras comunidades, fala de contratos dignos, contratos de luns a venres para evitar a cotización dos fins de semana, contratos de acúmulos, dun mes, tres meses ou seis meses, cando o profesional esta habituado ao seu posto de traballo remata o contrato.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que é unha iniciativa máis sobre a sanidade, se xa estábamos mal antes de chegar o COVID-19 pero agora viuse triplicaba. Di que xa dende o BNG se trouxo unha iniciativa parecida onde se falaba destas necesidades, di que están de acordo en todos os seus puntos e na súa argumentación, fala de que no pasado trouxeron unha enmenda de engadida no punto tres que diría: “a solucionar os problemas existentes no PAC de Monforte de Lemos”. Agarda que se acepte esa enmenda e o seu voto é favorable.

Intervén D. Jaime Germán dicindo que dende Esperta Monforte teñen traido mocións respecto á sanidade, di que eles traen unhas engadidas que serían:

.-Instar á Xunta de Galicia a que incremente os fondos estatais .

.-Instar á xunta de Galicia a retirar o expediente iniciado ao xinecólogo de Verín.

.-Instar á Xunta de Galicia a rematar coa paralise dos servizos hospitalarios e abrir os centros polas tardes para acabar coa lista de agarda da pandemia.

Di que levan 11 de recortes se está a traballar en precario debido a primeira ola da propia pandemia se eliminaron camas, intervencións quirúrxicas, probas diagnósticas que non se están facendo.

Intervén D^a Katherinie Varela preguntando que se van aceptar as engadidas, di que están a favor de que haxa máis presencial nas consultas. Parécelle ven que sexa presencial a atención ao cidadán. Di que ao representar a un partido que goberna na Xunta de Galicia, di que eles intentan analizar os datos que lle dan, di que eles non van falar aquí o que din dende a Xunta, que as inversións son máis altas e que non hai recortes, di que como cren que é un tema moi sensible, e na situación na que se atopa o país, eles van esperar se poden votar por puntos, encanto ao médico de verín non teñen moito coñecemento do tema, van esperar a votación se é por puntos e se aceptan as enmendas. Fala das anomalías do PAC, di



que cre que hai que traer unha moción para falar dos problemas concretos do hospital de Monforte, fala da atención temprana, fala das especialidades con deficiencias, fala dunha moción con cousas determinadas, di que ás veces é difícil votar si a todo en xeral.

Intervén D^a Pilar Espinosa dicindo que con respecto á enmenda de D. Emilio si que a acepta e dille a D. Germán que son demasiados puntos e se é posible que o traía por escrito para todos os concelleiros. Di que non vai aceptar as enmendas de D. Germán pero si a enmenda de D. Emilio.

Manifesta que a asistencia telefónica é unha cousa que non gusta nin a profesionais nin a pacientes, a sensación da poboación é que a primaria non traballa, frases como “non estades facendo nada “ di que son frases que se din a algúns compañeiros e incluso a ela, tanto en persoal do hospital, e a verdade si que se está traballando e se continúa realizando atención domiciliaria, di que en maior ou menor medida se intenta realizar o traballo o mellor que poden. Fala que a moción estea centrada en primaria, porque a sensación que da á xente é que non se está a facer “que se rascan a barriga” di que durante a pandemia a primaria perdeu moitos puntos que tiña.

Intervén D. Emilio José agradecendo a introducción da enmenda, di que ese cribado que poda facerse na atención primaria moitas veces pode favorecer a atención hospitalaria. Fala da privatización, é o ideario que nos fan seguir, reitera o seu voto favorable a esta iniciativa.

Intervén D. Jaime Germán dicindo que van votar a favor e pensan que teñen que defender a sanidade pública.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que van absterse na súa votación.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que D. Emilio xa presentou presentou a enmenda doutra vez, no anterior pleno e por escrito, e o que vostede di D. Germán dito así de palabra sen analizar o texto, se trae unha moción nese sentido, no futuro sería conveniente que esas enmendas que queira presentar que as traía por escrito.

Sometido o asunto a votación, apróbase por maioría con doce votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal socialista e dos concelleiros do grupo mixto, e tres abstencións dos concelleiros do grupo Municipal Popular.

5º.-MOCIÓN DO BNG PARA ARRANXO E ORDENACIÓN DO MERCADO GANDEIRO.

O ditame é favorable á moción, cun voto a favor do concelleiro D. Emilio José Sánchez Iglesias, BNG-Grupo Mixto e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista, do grupo municipal do PP e de D. Jaime Germán



Vázquez Pérez, Esperta Monforte-Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

Que o concello sexa quen dirixa con fondos propios e/ou con achegas doutras administracións para:

Arranxar as naves e todo o recinto feira.

Posterior reorganización do espazo e usos das naves nomeadamente a zona dos pastos e incluír o aparcadoiro dentro do recinto feiral.”

De seguido prodúcense as seguintes intervencións

Intervén D. Emilio José Sánchez dando lectura á moción presentada. Di que xa se trouxo no pasado mandato a modo de rogo e nada se fixo dende aquela, e cren que é un espazo municipal que ten unhas posibilidades importantes para outros usos, pero o caso é que ten que estar arranxado. Di que cren que as naves que están alí teñen un grave deterioro e teñen que poñerse en valor. Fala de realización de actividades durante as feiras do 24 e o día 6. Co gallo de ter unhas instalacións dignas e ven preparadas e tamén onde están agora os postos. Agarda que se teña en conta e apoiem esta iniciativa

Intervén D. Jaime Germán amosando o seu voto a favor, van apoiar calquera iniciativa que sexa boa para Monforte, arranxar as naves e acondionalas para uso comercial. Non sería Esperta Monforte que non apoie unha moción que engade o valor engadido das mesmas. Diversificar nestas instalacións funcións a desenrolar. Teñen unha magnífica oportunidade para cambiar eses investimentos para gastar en algo que pode ser moi produtivo. Di que eles entenden que lles gustaría se se leva adiante aportar ideas que teñen que ver co sector comercial.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que van votar a favor. Di que lle chama a atención que o tema da feira leva abandonado anos e anos. Sempre e bo recapacitar e traer unha inicitiva así ao pleno.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que todo o que sexa mellorar Monforte lles parece ben. Di que fai 10 anos o anterior goberno presentou un proxecto para arranxar o mercado gandeiro e non se fixo, di que se vai mellorar no ano 2021, para facilitar a comodade dos cidadáns. Sinala que a mellora integral do recinto deberá esperar un pouco máis. A ponte de ferro do malecón, a mellora completa do alumado, a urbanización da zona C, a accesibilidade a Monforte, a supresión dos pasos a nivel, o parque do hospital que vai mellorar de forma considerable toda esa zona, a mellora do sanemaneto, arranxo e mellora dos parques públicos e a mellora de vías urbanas e rural. Di que con respecto á súa moción cando chegue o momento o faran, votaran en contra porque segundo o programa de actuación neste momento non se vai realizar, chegará.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que se vostedes din que o van arranxar. Di que lle chama a atención xa que no pasado pleno pasou o mesmo. Di que a el non lle teñen que dar a razón, a el parécelle extraordinario se se vai arranxar. Dille a D^a

Pleno ordinario 28.12.2020



Katherinie que se quere miramos máis para atrás, se queremos imos mirando para atrás. Hai dez anos arranxaron as pistas de acceso, naquel intre creeríase que era o ideal. Fala de fotos que publicou de como está a feira, se van votar en contra alá vostedes, se anuncian que o van arranxar el dase por contento.

Intervén D. Jaime Germán dicindo que se se vai arranxar perfecto.

Intervén D^a Katherinie Varela di que algo ten que dicir, que ela pórtase moi ben cos membros da oposición, di que lle chama a atención que vaian votar en contra, aproveitan para facer propaganda. Dicir e falar de que as cousas que se van facer son maravillosas para Monforte, ponte que non é necesaria, alumeado cunha subvención, reparcelación zona C, supresión pasos a nivel, a ver se veñen trenes, mellorar o saneamento, non paran de asinar convenios e segue o saneamento igual de mal.

Intervén D. Ibán Torres dicíndolle a D^a Katherinie Varela que pedir que se absteñan é como votar a favor. É unha cuestión de seriedade e de programa de actuación que se está desenrolando , pero crea vostede que no 2021 vaise abordar, insiste que é unha cuestión de prioridades.

Intervén D. Emilio José Sánchez agradecendo aos grupos que votan a favor, non fala de premura pero si que se debe ir traballando. Hai a posibilidade de que outras administracións, a Deputación ou a Xunta de Galicia, que igual teñen algo que ver, e ao mellor mediante convenios se podan levar a cabo.

Intervén o Sr. Alcalde para realizar unhas aclaracións que fan falla. Di que vaise realizar algún arranxo parcial que nestes momentos está en redacción e se presentará próximamente no primeiro trimestre do 2021, seguro. Sinala que eles están por facer unha reforma integral diso, di que non está dentro das primeiras prioridades. Se fará cando toque, tamén espera que a Consellería de medio rural colabore, que xan ten feito con outros Concellos onde goberna o Partido Popular.

Dille a D^a Katherinie que non sabe como ás veces esa bondade que quere expresar, vostede fala de mellorar o saneamento, nestes cinco anos que levan gobernando melloraron moito saneamento, verquidos directos ao río que levaban anos e anos, xa non hai estación de bombeo ao saneamento. Agora mesmo estanse facendo obras, xa hai outro proxecto que seguirá despois, e haberá máis. A Xunta que está recaudando do canon de saneamento que vai para Augas de Galicia, di que non se recibe nin un so euro, cando se fixo o convenio coa Confederación Hidrográfica, requeriúselles á Consellería para que axudara e se negou e non aportouno nin un euro. Fala de que cada quince días hai un concelleiro en Sober, qué pasa coa cidade de Monforte, segunda cidade da provincia de Lugo. Fala da ruta transrománica, noticia de interese a nivel nacional, inicialmente lle interesa esa noticia á televisión de Galicia, pero cando se enteraron de que quén expoñía era o presidente da Deputación, xa non interesou. Di que eles son coherentes. Dille a D. Emilio que lle parece ben o que propón e non poden votar a unha cousa que si, e non poder facelo



agora. Fala do Presidente da Xunta, foi a Alcoa chegaron as eleccións dicindo que ía arranxar o problema ao día seguinte, non volveu por alí, agora non vai, manda un conselleiro de vez en cando, gracias ao goberno do Estado unha empresa inglesa estea disposta a comprar. Fala da Sra. Ana Pastor que paralizou obras, e tivo que indemnizar ás empresas por non levalas a cabo, iso está nun informe do tribunal de contas, que di que no ano 2015 ou 2016 o previsto polo ADIF non logrou ningún obxectivo, iso o di o informe do tribunal de Contas, meteullo no caixón por non facer a intermodal de Lugo, iso é facer cousas?, e propaganda é a nosa.

Sometido a votación a moción, rexeítase por maioría con nove votos en contra dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista e cinco votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal Popular e grupo Mixto.

6º.- MOCIÓN DE ESPERTA MONFORTE PARA REDUCIR O NÚMERO DE MORTES E LESIÓNS CAUSADAS POR ACCIDENTES DE TRÁFICO.

O ditame é favorable á moción, cun voto a favor do concelleiro D. Jaime Germán Vázquez Pérez, Esperta Monforte- Grupo Mixto e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista, do grupo municipal do PP e de D. Emilio José Sánchez Iglesias, BNG-Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

"Por todo isto, INSTAMOS AO EQUIPO DO GOBERNO

A que comece a aplicar coa maior brevidade as propostas concretas e enfocadas a concellos pequenos que mellaren a seguridade relacionada coa mobilidade plantexadas pola RACE e que repetimos a continuación:

- *Integración do concello en liñas de inversión da seguridade vial en todos os niveis (nacional, autonómica e provincial).*
- *Creación de plans de mobilidade e seguridade vial en concellos pequenos.*
- *Compromiso dos concellos pequenos de correxir puntos críticos para a seguridade vial dos cidadáns.*
- *Formación dos responsables en temas de seguridade vial para mellorar as condicións destas."*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Jaime Germán Vázquez Pérez dando lectura á moción presentada. Entenden que todos os grupos ou casi todos que están aquí presentes o levaban nos seus programas en maior ou menor medida, e certo que a velocidade que se circula en Monforte é bastante alta, os pasos de peóns están mal iluminados se estaciona en lugares inadecuados, en moitos dos puntos hai atropellos. Di que proponen rebaxar a velocidade de Monforte a 30, actuar no máis axiña posible na iluminación dos pasos de peóns. Di que saben que levan todo o tema de iluminación, o que queren é poñer riba da mesa unha problemática que se ten.




Intervén D. Emilio José Sánchez Iglesias di que máis alá do que podan dicir a RACE. Haberá que mirar cos datos da DGT o u da Policía Local de Monforte, en concreto. Todo o que sexa mellorar nun mellor funcionamento e na seguridade vial no Concello é importante, di que dende este grupo xa se trouxo a pleno as distintas necesidades que había, fala puntos negros, Cruce da Vide, a rotonda do peregrino. Iluminación o segundo tramo da ronda urbana, que se mellore na rúa Chantada que é deficiente, puntos concretos en paso de peóns. Di que son coñecedores que se está iluminando a cidade. Todo aquilo que se traía ao pleno para mellorar a seguridade vial benvido sexa, independentemente que haxa máis presa ou non. Amosa o seu voto favorable a esta moción, que se centre no Concello de Monforte de lemos.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que o alcalde é boa persoa, di que vai seguir estando eufórica cando o considere. Dille a D. Germán que están de acordo nestas iniciativas que poden favorecer a nivel de educación vial, para reducir as lesións causadas polos accidentes de tráfico, di que non saben con exactitud se estarán ben, si que é verdade que hai constante atropelos en Monforte de Lemos. Di que como non son como coñecedores do que pode opinar a Policía Local do Concello.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que presenta como unha , RACE, a DGT, a Garda Civil non teñen nada que dicir disto. Di que el non cree que Monforte este nun ranking desmesurado. Vostede di na súa proposta que non ve que este Concello asuma as peticións, é a primeira vez que as escoitan. Sobre a redución da velocidade iso é da nova lei, nese sentido se trasladasn aquí as conclusión do RACE sen ver o cauce legal, polo consideran que é o momento oportuno. Vostede o fai polo atropelo que houbo recentemente, verdaderamente si é así deberon mediar circunstancias importantes e se reduza a isto, pode ser unha cuestión de oportunismo á luz dunha desgracia. O certo é o que se plantea. RACE é unha asociación, di que cre que D. Germán sempre foi moi partidario de separar a vida persoal de cada un. Di que van votar en contra porque entenden que o RACE non é competente, di que se teñen os mesmos sinistros que outros, vamos falar de cousas concretas. Di que isto é un despropósito con todas as letras.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dando as grazas ao BNG eles queren falar de atropelos e puntos críticos e altas velocidades. Di que non sinte moito que vaian votar en contra, cre que é o modus operandi, xa votaron en contra dunha proposta sota do BNG e fixeron esta tómbola que temos na radio, xa viñemos aquí cun problema deo Cardenal qe dixeron que o había que facer era mirar para os pés e despois gastraon 300.000 euros para arranxar o problema, di que temos unha cantidade de accidentes moi grande. Isto é do tema de accidentes, do tema particular non vai falar, non vai falar se a xente aparca ben ou mal. Di que el non ven falar do seu libro el ben a expoñer problemas que teñen en Monforte, di que cre que é tan sinxelo como pedir un informe á Policía e que lles digan eles a cantidade aparcamentos indebidos, a cantidade de accidentes de atropelos que hai. Se se vai falar se se conduce altas velocidade ou non, non sabe a que se refire. Vostedes votan en contra porque votan en contra a todo o da oposición, disto din que van votar en contra porque din que puxen unha coma mal, polo RACE.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que despois de escoitar a todas as partes, di que lles parece que é algo positivo, é simplemente ter unha pouco máis de preocupación por parte do Concello, van votar a favor.



Intervén D. Iban Torres dicindo que o trata de trasladar e que vostede fai unha proposta a un Concello que ven dunhas directrices dunha páxina web do RACE, que é un club de automobilistas, o seguinte que vai ser. As propostas de seguridade vial, a vostede o que preocupa máis é o resultado da votación. Di que eles van gobernar segundo o seu programa e van realizar todas as propostas que teñen.

Intervén D. Germán dicindo que os alumnos do IES LOIS PEÑALOBO dixeron un dispositivo para dar visibilidade aos peóns, teñen unha microempresa esta enmarcado nun plan de EDU EMPRENDE, son os rapaces de 1º e 2ºFP básico, fan que hxa máis visibilidade, que teñen dous, si falla un, para que outro poda traballar facilmente, sería un bo momento, se lle dea valor a cousas como estas que axudan á cidadanía, esto non é unha cousa do RACE, isto é unha cousa para calquera cidade ou pobo, é unha moción que podería traer calquera de vostedes, moción tan sinxela que é para reducir velocidades e delimitar os puntos críticos, e iluminar a cidade, que por certo que o levan no seu programa. Que vostede voten en contra pero non é de recibo que vostede queira xustificalo dunha maneira que non corresponde, vostedes van actuar niso, din que non, negan a realidade e despois actúan.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que vostede que non é consciente das palabras que lle sale, como se se dirixira a este pleno como nunha tómbola.

(O Sr. Alcalde chama a orde por primeira vez ao Sr. Germán, por segunda e por terceira vez, e invitándoo a que abandone o pleno).

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que recentemente se aprobou unha lei de seguridade vial e que entra en vigor, e seis meses de aplicación, e aí é como hai que sinalizar como establece a lei, e polo tanto, como Concellos cumpridores así o van facer, di que hoxe mesmo tivo unha reunión co inspector xefe da policía local para empezar a preparar todo de cara a nova sinalización na cidade, di que teñen ata o mesmo de maio para facelo. Di que xa sabe que o que está na oposición di cousas, pero acusar de que o que ten a maioría do goberno, vota cousas en contra, para algo é a maioría, iso é a democracia, as dan e as quitan os cidadáns.

Sometido o asunto a votación a moción presentada, rexeitando por maioría con nove votos en contra dos concelleiros do grupo municipal do Partido Socialista, e catro votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias.

7º.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR EN APOIO DA AUTONOMÍA FINANCIERA DE GALICIA.

O ditame é favorable á moción, con dous votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e sete abstencións dos concelleiros/as Grupo municipal socialista e do Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

"1. Instar ao goberno central a que respecte a autonomía financeira e a capacidade normativa en materia tributaria que a Constitución, o Estatuto de Autonomía e as leis lle recoñecen a Galicia.

2.- Instar ao goberno central a que os acordos que se adopten en ámbitos que afecten á Pleno ordinario 28.12.2020



capacidade financeira de Galicia sexan tomados no marco do Consello de Política Fiscal e Financeira -órgano multilateral no que están representadas todas as CCAA- e da Comisión Mixta de Transferencias Estado - Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Instar aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados e do Senado a que na tramitación parlamentaria do Proyecto de Ley de Medidas de prevención y lucha contra el fraude fiscal, actualmente no Congreso, se proceda a supresión do artigo que reforma a Ley 35/2006 del Impuesto sobre la Renta de las Personas Físicas para introducir a ficción legal consistente en declarar como comportamento fraudulento, que non admite proba en contrario, toda venta dos bens recibidos a través dos pactos sucesorios en vida regulados no Dereito Civil de Galicia; por tratarse dunha clara e inustificada vulneración da autonomía competencial e financeira da Comunidade Autónoma de Galicia, e do principio de lealdade institucional que debe presidir as relacións entre a Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia."

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Katherinie Varela dando lectura a súa moción.

Intervén D. Emilio José Sánchez manifestando que ás veces sinte envexa sana de que se teñan unha iniciativa para traer ao pleno, e outros grupos que teñen dúas iniciativas para traer, pero vir con esto ao pleno de Monforte, e se non o fai terá que ao constitucional como amenazou a Sra. Ayuso en Madrid. Non sabe se vostede sabe porque se levou iso ao Parlamento, foi para "impedir" ese paraíso fiscal que se quería montar a sra. Ayuso na súa Comunidade. Di que non poden estar a favor de que diminúa a capacidade fiscal. Di que lle parece fóra de todo lugar. Votar a favor deste costalle moitísimo, esta iniciativa cando mezcla cousas, hai medias verdades polo medio, pero esta cubrindo ás costas á presidenta da comunidade de Madrid. Hai que saber onde ven esa contrareforma, este incremento nos impostos do patrimonio a comunidade de Madrid quere baixar o 100%. Fala de que pague quen máis teña que eles entenden que é o normal. Di que nesta iniciativa non van votar a favor.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que traen ao pleno estas mocións tipo, pero non se pode pedir o que vostedes negaron en Madrid. Vostedes piden o mesmo que pedía o BNG nos seus postulados, genéricos. Galicia recibe do Estado máis do que aporta, trastocar esta situación sería moi negativo, di que lles toca ser os máis independentistas. Fala de impostos, vostedes que baixan os imposto sao que teñen perxudicando a pobre clase media que teñen que pagar máis. Fala vostedes de loitar contra o fraude fiscal, cando son xeralmente cando se benefican das amnistías. Hai moitas formas de facer as cousas, isto está fóra de lugar, van votar en contra.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que durante estes case dous anos, di que lles parece demasiado impotante o diñeiro das personas, o diñeiro público do que fan uso, veñen dos ipostos sobre todo do sector privado, tendo en conta que Monforte é unha cidade de servizos aos que lles pode afectar calquera modificación legislativa. Di que se poden falar de todo o que trouxeron ata agora que non fixeron caso. Di que están en desacordo das declaracións. Di que parece que se está defendendo o paraíso fiscal de Madrid. Di que eles



son galegos e españois. Di que a eles lles parece impotante falar do que ten que ver cos impostos aos cidadáns e máis na situación na que nos atopamos.

Intervén D. Emilio José dicindo que se mezclan churras con merinas. Din que sinte envexa que el trouxo unha moción soa para traer, di que a eles lle traen esto e non o presentan é indefendible porque mezcla cousas. Repito defender o que está posto no Estatuto de Autonomía, se non se fai ao tribunal constitucional, di que temo que defender o que nos interesa a nós. Instar aos grupos políticos é pasarse de frenada. O independentismo fiscal cando se fala dun concerto propio que sexa xusto, fálase do fisco e dos orzamentos, hai casos concretos onde hai eses concertos. Di que non van votar a favor, vaise abster. No punto di que hai que defender os intereses de Galiciza, os impostos claro que temos que pagar quen máis ten é o que máis ten que pagar nunha política progresista.

Intervén D. Ibán Torres di que nunca dirá que D^a Katherinie Varela non traballa, soamente di que a faceta neste mes esta pouca traballada. Aмоса o seu voto en contra.

Intervén D^a Katherinie Varela di que estaán claras as posturas o tema económico o ben de distinta forma, cando atíñen a cousas que teñen que ver cos cidadáns non so na Sanidade, parecelle adecuado traer a moción a este pleno, despois segundo o que diga o Alcalde terán que dicir algo.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que onde gobernan baixan os impostos aos seus. Sinala que el nunca criticara a iniciativa que vostedes traian

Sometido o asunto a votación a moción presentada, rexeitando por maioría con nove votos en contra dos concelleiros do grupo municipal do Partido Socialista, e tres votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e unha abstención de D. Emilio José Sánchez Iglesias.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

8º.- INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (de datas 26.11.2020 e 10.12.2020) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

9º.-DACIÓN DE CONTA DE PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO EXERCICIO 2021.

A efectos de cumprir co disposto no apartado 3 do art. 31 do RD 424/2007.

10º.-DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA NÚMERO 226/20 RECAIDA NO PROCEDIMENTO PO 327/19 C INTERPOSTO POR FCC AQUALIA.



Dase conta da setenza número 226/20 recaída no procedemento PO 327/19 C insterposta por FCC Aqualia.

11º.-DACIÓN DE CONTA DE ESCRITO DO MINISTERIO DO INTERIOR SOBRE CESIÓN DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS DUN INMOBLE PARA COMISARÍA NA AVENIDA DE GALICIA NÚM. 77.

Dase conta do escrito do Ministerio de Interior do Interior relativo á cesión do inmoible situado na Avenida de Galicia núm. 77 para a instalación da Comisaría de Policía de Monforte.

12º.-DACIÓN DE CONTA ELEVACIÓN A DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DE TRÁFICO

Dase conta da elevación a definitiva da modificación da ordenanza municipal de tráfico.

13º.-DACIÓN DE CONTA ELEVACIÓN A DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DE AUGA.

Dase conta da elevación a definitiva da modificación do Regulamento de Abastecemento e Saneamento de Auga.

14º.-DACIÓN DE CONTA ELEVACIÓN A DEFINITIVA DO REGULAMENTO DO TELETRABALLO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.

Dase conta da elevación a definitiva do Regulamento do Teletraballo do Concello de Monforte de Lemos.

Previa votación de urxencia da inclusión con nove votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e tres abstencións dos concelleiros/as do grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias.

15º.-RESOLUCIÓN RECLAMACIÓN RESPECTO DO ORZAMENTO DO 2021 E APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE.

Transcríbese a proposta da Alcaldía:

“Con data 24.12.2020 presenta Unión Sindical Obrera alegación no Rexistro Xeral do Concello ao orzamento aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación con data 30 de novembro do 2020.

Visto o contido da alegación, con data 28 de decembro do 2020 o Sr. Interventor informe o que a continuación se detalla:

*“INFORME SOBRE AS ALEGACIÓNS AO ORZAMENTO DO CONCELLO DE MONFORTE
Pleno ordinario 28.12.2020*



DE LEMOS PARA O EXERCICIO 2021.

ANTECEDENTES

- I. Con data 30 de novembro de 2020 o Pleno do Concello de Monforte de Lemos aprobou inicialmente o orzamento municipal para o exercicio 2021.*
- II. O 2 de decembro de 2020 publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o anuncio de exposición ao público de dita aprobación provisional.*
- III. Con data 24 de decembro de 2021 presentouse no rexistro de entrada do Concello de Monforte de Lemos unha reclamación contra o mesmo, con número de entrada 26095. Na mesma, o reclamante sostén a necesidade de cobertura das prazas vacantes, a non previsión do custe derivado do teletraballo e a necesidade de funcionarización dalgunhas prazas de persoal laboral fixo.*
- IV. O día 25 de decembro solicítase desta Intervención a emisión de informe sobre a reclamación indicada.*

NORMATIVA APLICABLE

- Real Decreto-lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigos 169 e 170.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- Reclamación: aspectos formais e aspectos materiais.

Con carácter previo á valoración dos argumentos empregados pola parte reclamante é necesario, a xuízo desta Intervención, examinar os aspectos formais que regulan as reclamacións ao orzamento municipal. Dentro dos mesmos, hai que analizar, en primeiro lugar, a legitimación activa do reclamante; en segundo lugar, o prazo de interposición da reclamación; en terceiro lugar, o órgano encargado da resolución das reclamacións e, por último, se as causas alegadas coinciden cos motivos taxados de reclamación previstos legalmente. Só unha vez que se consideren cumpridos os aspectos formais, procedería analizar os aspectos materiais da reclamación; é dicir, o contido concreto do alegado e a súa adecuación á normativa vixente, así como aos datos económicos do Concello.

SEGUNDO.- Aspectos formais.

Legitimación activa da reclamante.

En canto á primeira das cuestións —isto é, legitimación activa do reclamante—, o art. 170.1 da vixente Lei reguladora das Facendas Locais, aprobada por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (en diante TRLFL) establece quen ten a consideración de interesado para presentar reclamacións á aprobación inicial do orzamento xeral do Concello, ante o Pleno municipal. Di, literalmente, o seguinte:

Pleno ordinario 28.12.2020



“1. A los efectos de lo dispuesto en el apartado 1 del artículo anterior, tendrán la consideración de interesados:

- a) Los habitantes del territorio de la respectiva entidad local.*
- b) los que resulten directamente afectados, aunque no habiten en el territorio de la entidad local.*
- c) los colegios oficiales, cámaras oficiales, sindicatos, asociaciones y demás entidades legalmente constituídas para velar por los intereses profesionales, económicos y vecinales, cuando actúen en defensa de los que les son propios.”*

Na medida que a recorrente actúa en representación dunha organización sindical, aínda que sen representación nesta Administración, cumpriría o requisito da letra c) do punto 1 do art.170.

Prazo de interposición da reclamación.

En canto á segunda cuestión—prazo de interposición da reclamación—, o artigo 169.1 do TRLFL dispón que aprobado inicialmente o orzamento xeral os interesados poderán presentar alegacións durante o prazo dos quince días seguintes á publicación do devandito anuncio de aprobación no boletín oficial correspondente. A publicación do acordo de aprobación inicial do orzamento efectuouse o día 2 de decembro de 2020 no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. O cómputo comeza ao día seguinte da súa publicación e os días sinalados no art. 169.1 deben ser considerados hábiles, conforme ao disposto no art. 30 da Lei 39/2015, polo que o prazo de interposición de reclamacións tería comezado o día 3 de decembro e rematado o día 24 de decembro.

Á vista dos datos obxecto deste informe, pódese concluír que a reclamación foi presentada en prazo, tendo en conta que tiveron entrada no rexistro xeral do Concello o mesmo día 24 de remate do prazo.


Órgano encargado da resolución da reclamación.

En canto á terceira cuestión —isto é, órgano encargado de resolver as reclamacións presentadas á aprobación inicial do orzamento— o art. 169.1 TRLFL establece que debe ser o Pleno o órgano encargado de resolvelas.

Motivos taxados de reclamación.

En canto á cuarta cuestión formal—motivos taxados de reclamación—, o art.170.2 do TRLFL establece os motivos taxados de reclamación ante a aprobación inicial do orzamento. En concreto di, literalmente, o seguinte:

“2. Unicamente podrán establecerse reclamacións contra el presupuesto:



- a) *Por no haberse ajustado su elaboración y aprobación a los trámites establecidos en esta Ley*
- b) *Por omitir el crédito necesario para el cumplimiento de obligaciones exigibles a la entidad local, en virtud de precepto legal ou de cualquier otro título legítimo.*
- c) *Por ser de manifiesta insuficiencia los ingresos con relación a los gastos o bien de estos respecto de las necesidades para las que esté previsto.”*

Só, polo tanto, o acordo de aprobación inicial do orzamento pode ser obxecto de reclamación se a mesma se fundamenta nunha cuestión formal —omisión nos trámites da súa elaboración e aprobación— ou en tres cuestións materiais —inexistencia ou falta total de crédito para afrontar gastos esixibles; manifesta insuficiencia de ingresos para abordar os gastos esixibles ou insuficiencia de crédito para abordar os gastos esixibles—expresamente recollidas na lei.

Calquera outro motivo de reclamación non pode ser válidamente alegado fronte ao citado acordo de aprobación, posto que a norma recolle de modo expreso —“unicamente” di a norma— que soamente caben os catro motivos antes sinalados.

A mera lectura da reclamación presentada pon de manifesto, a xuízo de quen suscribe, que dos motivos alegados, unicamente o relativo á omisión do crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles á entidade local en materia de teletraballo, estaría amparada nas causas taxadas de reclamación do art. 170.2 TRLFL e, polo tanto, debería ser admitida, procedendo a inadmisión do resto de motivos.

Xa que logo, cumprido que a reclamación cumpre cos requisitos formais débese, entón, entrar a responder sobre o fondo da única cuestión reclamada que tería encaixe nas causas taxadas da norma reguladora do procedemento de aprobación dos ornamentos locais, concluíndose necesariamente na procedencia da súa desestimación. Convén recordar que é á reclamante a quen lle compete identificar e probar por qué motivo e en que medida, se produce tal inexistencia de crédito para a atención dun gasto debidamente cuantificado, sen que a remisión ao boletín no que se procedeu á publicación do Regulamento de teletraballo deste Concello de Monforte, permita a esta Intervención, sequera por aproximación, coñecer a que importes se está a referir no seu escrito.

CONCLUSIÓN.-*Á vista do sinalado nos parágrafos anteriores, ésta Intervención considera que procedería desestimar a reclamación presentada por dona Lourdes Pedrazuela Bea, en representación da Unión Sindical Obreira contra o proxecto de ornamentos para 2021. “*

Polo que vai dito, e en base aos informes, propónse que o Pleno do Concello adopte o seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO.-Desestimar a alegación presentada ao orzamento do 2021.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o orzamento do Concello e do IMD do ano 2021 e proceder a súa publicación. “

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Alcalde dando lectura á proposta. Fala da alegación da presentada que di é necesario cubrir prazas que se atopan vacantes que non se contempla o posto derivado do teletraballo, e que é necesario que se proceda ao proceso de funcionarización de persoal laboral . Sinala que o informe di intervención di o contrario.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que votou a favor da urxencia para que os orzamentos sigan o seu curso. Di que vaise abster, con respecto a unha alegación dos postos de traballo cren que esta pendente este Concello de facer a RPT para que se leve a cabo. Di que é certo que hai un informe de intervención que é claro.

Sometido o asunto a votación rexéitase por maioría a alegación formulada con nove votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular e D. Emilio José Sánchez Iglesias, BNG-Grupo Mixto.

16º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Rogo do BNG en relación coa Praza de Abastos.

-Se solucionen as deficiencias existentes no edificio, así como que se desenvolva un programa de promoción dese espazo, dirixido a comerciantese veciñanza.

Pregunta “in voce “ do BNG relativa á recollida do lixo

-Ten pensado o goberno a formula e os mecanismos en materia de sanción se procede en materia de sacar o lixo.

Resposta o Sr. Alcalde que algo farán, a inmensa maioría dos cidadáns cumpre. Di que non é sinxelo para poder tomar medidas, aínda que estean previstas na ordenanza de medio ambiente, pero para poder coller a esa persoa hai velo, e ademáis que ser unha persoa do Concello que teña capacidade para denunciar, non vale calquera. Di que algún sistema haberá. Fala que xa se estableceu un sistema de vixilancia para poder tratalo, para poder minimizar. Di que el apela á conciencia de cada cidadán de cada monfortino para que baixen o lixo nas horas



que están establecidas para todos e que debemos cumprir, se todo o mundo fixera o mesmo, as rúas sería un cúmulo de bolsas do lixo.

Resposta o Sr. Alcalde en relación co tema da Praza de Abastos di que se está a redactar nestes momentos un proxecto para arranxar o teito da Praza de Abastos, di que esta inversión vaise realizar cunha axuda da Xunta de Galicia e outra parte a pón o Concello. Di que no ano 2009 ou 2010 o Concello fixo unha reforma integral da Praza de Abastos, porque foi unha reforma financiada polo Ministerio de Fomento, era algo máis de 800.000,00 euros, naquel momento estaba por aquí unha proposta que fixera esta Alcaldía como concelleiro non uopleno, era tan sinxela como que a Praza de Abastos, que os postos estiveran no piso primeiro e que a planta baixa fora un estacionamento de tempo limitado para a propia praza, e que por un tempo de 20 minutos non se pagará e se se estivera máis tempo.

Vostede fala de promoción, di que cre na persoa que esta de técnica nesta materia, organiza moitas actividades na Praza de Abastos, iso xa é unha promoción. Di que dende fai tres anos se lle daba unha axuda aos praceiros, para promocionar as súas actividades, este ano non a cobraron porque non xustificaron.

.-Rogo do Partido Popular relativo á limpeza do Regato das Malloadas

Resposta o Sr. Alcalde dicir que están traballando coa Confederación para que limpen algúns regatos de Monforte. o que é o cauce do Cabe na parte urbana. Agora estase cumprir o encargo que hai coa empresa pública Tragsa, a través dun convenio coa deputación. Dicindo que están nelo para que se limpen eses regatos.

.-Rogo do Partido Popular relativo ao arranxo do aparcamento da rúa Julio Camba

Resposta o Sr. Alcalde dicir que ese é un solar que non é do Concello que nin esta cedido nin alugado. Patrimonio autorizou por un período de seis meses o estacionamento provisional. O Concello non vai gastar en solares privados, xa para que estivera ben falouse cun constructor para que botara fresado. Di que polo el sabe a idea é construír aí, facer unha construción non dentro de moito tempo, mentres tranto deixe o titular, non está alugado como o caso da rúa Hortas,

.-Pregunta do PP relativa a un cidadán en relación ao importe de Aqualia pola conexión ao servizo de auga.

Cal vai ser a resposta do equipo de goberno a este asunto?

Resposta o Sr Alcalde dicirlle que este señor veu por aquí en máis dunha ocasión se lle explicou como funciona isto, o contrato de Aqualia di que as acometidas e as das



SECRETARIA

obras que se fagan forman parte dos ingresos da empresa, polo tanto ese tipo de obras correspóndelle á empresa facelas, iso está en contrato así. Cando se queixou do que lle cobraban se lle dixo que trouxera outros presupostos. Fai un mes trouxo outro escrito que está nalgún servizo para informe. Dikir que esa persoa chamou a Secretaría se lle dixo que había ningún problema para darlle copia da ordenanza quedou de vir por aquí e non veu.

Non habendo máis asuntos a tratar, sendo as dez horas e catorce minutos do expresado día, o Sr. Alcalde levanta a sesión, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e Pr.
O ALCALDE